

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 4º de E. Primaria do CEIP de Quiroga, está nun concello de tamaño pequeno con relación á poboación, e con moita dispersión. A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel. O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, Escola infantil, IES ..., así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico. Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 148 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas. A ratio está actualmente en 16,5 alumnos/as por nivel e a porcentaxe de alumnado vulnerable é de 20 % aproximadamente. O colexio, que ten horario de xornada única, (agás os luns con xornada partida), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Así mesmo, contamos con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual. Temos adxudicado un auxiliar de conversa. Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos para obradoiros, actividades culturais. Participamos noutros programas como E-DIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +. O número de alumnos e alumnas que elixen a opción de relixión católica oscila entre o 50 e o 60 por cento, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar, en consonancia coa realidade sociolóxica xeral.

Esta programación foi elaborada en coherencia co seguinte marco legal:

Normativa estatal

Ley Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Ley Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de decembro, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

Normativa Autonómica

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Currículo de Relixión Católica

Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos

Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumna.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria.

O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Son moi feliz!	Deus confía en nós pase o que pase porque nos ama.A gran promesa de Deus,o Mesías. Os profetase a súa misión.	15	5	X		
2	Importasme ti	Xesús rompe os esquemas, a persoa é o primeiro,cura en sábado.Como se relaciona Xesús cas persoas do seu tempo. Rescto e amor aos demais.	15	5	X		
3	O mellor agasallo para Nadal!	CALENDARIO LITÚRXICO. Advento e Nadal. ADVENTO: Elaboramos e acendemos unha coroa de Advento na aula e/ ou un calendario. NADAL Aniversario de Xesús, nosa identidade como cultura. Significado para os cristiáns. Aprender a saber esperar. Relato dos Reis Magos. O tempo de Nadal como fonte de inspiración artística: elaboración de manualidades propias destas datas coma 1	12	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O mellor agasallo para Nadal!	Belén con materiais reciclados e personaxes que portan carteis de bos desexos. Tarxeta de felicitación ás familias. Observamos personaxes do Nacemento en diferentes cuadros.	12	4	X		
4	Perdoa e sé feliz	Xesús ensínanos a resolver calquera conflito buscando a paz e a felicidade de todas as persoas . Traballamos as situacións inxustas vistas desde a solidariedade e o Amor de Xesús cos relatos Bíblicos e interpretación na aula, da misericordia, a solidariedade, o perdón. Comentamos a importancia da resolución de conflitos para ser felices, colaborando na construción dun mundo mais pacífico.	15	5		X	
5	Teño unha misión	CALENDARIO LITÚRXCICO. Semana Santa e Pascua. A misión dos cristiáns. Relato bíblico Mt 5,13-16. Os doce apóstolos.	14	6		X	
6	Celebramos a nosa fe	A importancia de celebrar, os cristiáns reunímonos para celebrar a fe. A Igrexa celebra, os tempos litúrxicos. Celebramos o encontro con Cristo. a Eucaristía. Tradicións relixiosas como expresión da nosa fe e símbolos litúrxicos.	15	5			X
7	Unha Igrexa viva	Unidos a Deus e con alegría, celebramos a Vida e a misión da Igrexa. A Igrexa da resposta ás necesidades de moitas persoas no mundo. A solidariedade . Os templos e as festas mais importantes da nosa contorna. Descubrimos proxectos da zona como Cáritas interparroquial.Unha Igrexa en movemento, próxima.	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Son moi feliz!	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos clave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	-Identifica os profetas e describe a súa misión. -Compara a actitude de personaxes bíblicos traballados, con situacións persoais propias	PE	50
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconhecimento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	É quen de gardar silencio e facer un pequeno retiro cara seu interior. Describe aspectos que resaltamos das promesas de Deus.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade do ser humano.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autoconhecimento e crecemento persoal.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.</li> <li>- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O coidado da contorna natural e social como casa común.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Importasme ti	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Preocúpase polos compañeiros/as, especialmente polos mais desprotexidos	TI	100
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Analiza distintas situacións das lecturas das pasaxes bíblicas e é quen de relacionalas coa actualidade. Recoñece que Xesús se relaciona con todo tipo de persoas, enfermos, pescadores, mulleres, pobres..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade do ser humano.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.</li> <li>- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.</li> <li>- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O coidado da contorna natural e social como casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O mellor agasallo para Nadal!	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	- Narra con detalle distintas situacións que melloran a convivencia e facilitan a tarefa aos demais. - Colabora cos compañeiros /as con mais dificultades na elaboración da manualidade de Nadal	TI	100
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	- Entende que a Biblia é imprescindible para coñecer a historia do pobo de Israel, antes do nacemento de Xesús. - Recoñece a importancia dos relatos bíblicos para comprender moitas accións sociais e culturais que celebramos nestas datas, e ao longo de todo o ano litúrxico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autoconhecimento e crecemento persoal.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.</li> <li>- Tipos de oración: características e diferenzas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Perdoa e sé feliz	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Busca e comenta a parábola do perdón . Diferencia valores propios dun cristián, como seguidor de Xesús Perdoa aos seus compañeiros/as como nos ensina Xesús.	TI	100
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Busca, e comenta detalles da preferencia de Xesús polos mais necesitados e os enfermos Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e as explica aos compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade do ser humano.</li> <li>- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.</li> <li>- A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O coidado da contorna natural e social como casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Teño unha misión	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Narra pequenas accións para mellorar o mundo. Esfórzase no coidado dos demais .	TI	100
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	É quen de gardar silencio e facer un pequeno retiro cara seu interior para sentirse observador da Cruz de Xesús Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación de Amor e obediencia co Pai		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade do ser humano.</li> <li>- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.</li> <li>- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O coidado da contorna natural e social como casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Celebramos a nosa fe	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Vincula algúns símbolos, significados e momentos na celebración Eucarística. Admira distintas expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade na contorna, valorando súa achega ao enriquecemento da Cultura	TI	100
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Comenta a importancia dos sacramentos como momentos para o encontro con Cristo. Visualiza, en obras de arte, con escenas de tradicións cristiánas e explica os compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.
- A dignidade do ser humano.
- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.
- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.
- Antigo e Novo Testamento.
- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O coidado da contorna natural e social como casa común.
- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.
- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
7	Unha Igrexa viva	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística. Recoñece a importancia do valor artístico e cultural da arte relixiosa na súa contorna e na Diocese	TI	100
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	É quen de analizar o vínculo entre a mensaxe de Xesús e as tradicións e celebracións en comunidade, da Igrexa. Identifica asociacións sen ánimo de lucro da contorna como expresión de amor e fraternidade polos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.
- Relatos bíblicos de vocación e misión.
- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.
- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.
- María, Nai da Igrexa.
- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O coidado da contorna natural e social como casa común.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.
- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promócese unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completarase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI. As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado.

A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado - mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En reli, os alumnos/as iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.
- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender. Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas ...
- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar a súa autonomía
- Un punto que considero importante é que tamén atenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.
- Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, ‘‘Ensino básico’’ sinalase ‘‘Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe’’.

- b) O agrupamento dos alumnos
- Gran grupo.
  - Pequeno grupo.
  - Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso estableceremos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo a actividade a realizar.

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso e, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais e humanos
Recursos espaciais
Distintos recursos materiais
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Material informático e recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais e medios audiovisuais

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE “Ensino básico” sinalase “Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe”.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

\*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores, do propio centro educativo ou doutros centros; e familias ou visitas, e organizacións e/ou institucións, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna, en beneficio da nosa labor docente.

\*Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de informática, aula de convivencia, comedor, pabillóns e outros espazos da contorna.

\*Distintos recursos materiais:

-Coma material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, cadeiras, paneis, xogos e quebracabezas, Biblioteca de aula...

-Material impreso, coma os libros, dicionarios, a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas, láminas de apoio visual...

-Material funxible e variado para producións artísticas do alumnado: lapis, goma de borrar, caderno, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores... plastilina e outras pastas de modelar, cola, pegamento, tesoiras,...

-Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

\*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida re utilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar seus propios xogos ou adornos.

\*Material informático e recursos tecnolóxicos coma ordenador con conexión a internet, robots educativos coma o escornabot, encerados dixitais, proxectores, canón de video, tablets...

\* Recursos dixitais e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC. Estes recursos para a maioría do alumnado son motivadores e facilitan a adquisición de contidos e colaboran no reforzo de aprendizaxes adquiridas: Apps como a “Biblia infantil”, páxinas web, CDs, libros dixitais, enciclopedias online, xogos informáticos, plataformas online, a aula virtual, vídeos educativos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina nas primeiras semanas do curso mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.

-Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitaré para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	0	0	0	0	0	0	<b>8</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	100	100	100	100	100	100	<b>92</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora e guíome pola Orde do 26 de Maio do 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva.

- Observación directa e sistemática : escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

- Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

- Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en:

- Fichas de actividades de cada U.D.
- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
- Pequenos traballos/Traballo cooperativo

Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que estableceréi con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiránme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal:

45%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo, actitude e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 25%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 30%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de "avaliación continua", como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será

avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final. As Cualificacións serán segundo a citada Orde, os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

.Co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

.Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

.O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

. Os mecanismos de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

.Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

.Patéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

.Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escritas, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Fomento do emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Igualdade entre mulleres e homes.
- \* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade e a formación estética, no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- \* Educación moral e para a PAZ.
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- \* Expresión oral e escrita, positivas
- \* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento social e empresarial
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- \* Educación emocional e en valores
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma: O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar	X	X	X
Saídas á contorna	Visitas culturais .Igrexa de Hospital		X	
Decoración de Nadal	Elaborar un adorno navideño,utilizando material reciclado a poder ser	X		
Actividades solidarias	Participación unha carreira solidaria a favor dunha ONG	X		
Charlas e obradoiros	Participación en charlas e talleres sobre igualdade, emocións...	X	X	X
Día de África	Participar no mercadillo solidario a favor da ONG Miradas al Mundo			X

**Observacións:**

Coa realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Favorecer o desenvolvemento de elementos transversais.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar unha autonomía ampla e promover interese pola cultura e os servizos, no alumnado
- Complementar o currículo das diferentes áreas non curriculares, contribuíndo no seu desenvolvemento integral con actividades lúdicas.

Actividades e descrición. Algunhas propostas a modo de exemplo:

- Conmemoracións: Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar que se celebren no centro (Samaín, Magosto ou San Martiño, Igualdade de xénero e Bo Trato, Día da Paz...)

- Saídas culturais, visita a unha igrexa da contorna.

- Decoración de Nadal

Elaborar un adorno navideño, priorizando que o material para a elaboración sexa reciclado.

- Actividades solidarias

Participación na carreira solidaria a favor dunha ONG

- Charlas e obradoiros

Participación activa en charlas e obradoiros de igualdade, emocións, violencia de xénero....

- Día de África

Participar no mercadillo solidario a favor da ONG Miradas al Mundo.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
idoneidade das actividades propostas no proceso de E-A
Metodoloxía empregada
O alumno/a participa activamente de todo o proceso
O alumnado traballa por equipos cos seus compañeiros/as
incorporación axeitada das novas tecnoloxías no proceso de E-A
Os procedementos e instrumentos de avaliación, son axeitados
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes
Consigo que o alumnado se implique e traballe ben en equipo
Emprego ferramentas TIC como elemento motivador e para afianzar coñecementos
Tento facer as clases amenas e motivadoras
Priorizo os valores cristiáns e os procedementos, sobre os conceptos
Avalío constantemente a miña propia práctica docente

Medidas de atención á diversidade
Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a
A atención é personalizada e axeitada á diversidade do alumnado
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente
Utilizo medidas de atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros compañeiros/as do Claustro.
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros e compañeiras
Implico as familias en todo o proceso
Outros
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro

### Descrición:

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que ‘o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes’ polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

\* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación é unha análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usarei son os seguintes:

\*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

\*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en,

- Fichas de actividades e xogos de cada U.D.
- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
- Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo
- Traballo cooperativo
- Manualidades, pasatempos
- Xogos de mesa, de creatividade,

•Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

\* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

\*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

### ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI            CASE SEMPRE    CASE NUNCA    NON    PROPOSTAS DE MELLORA

\* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

\* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

\* Regulación da práctica docente

-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

\* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

\* Aos alumnos.

\* Ás familias.

\* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## **9. Outros apartados**

### **1. Nada que destacar**

-